

O Concello de Celanova aposta decididamente polo deporte, xa que investir en deporte é investir nun futuro saudable para os nosos cidadáns. Entre as instalacións deportivas coas que contamos destacan as seguintes:

- Pavillón de deportes municipal. É un pavillón multiusos dotado de ximnasio, gradas, cafetería, ... en onde actualmente se desenvolven as seguintes actividades:

- liga de fútbol sala local
- aloxamento de partidos de fútbol sala da liga provincial
- liga de baloncesto
- liga de Ping-Pong da Federación galega
- libre alquiler da pista para a práctica deportiva de múltiples deportes (badminton, fútbol sala, baloncesto, clases de baile, ...)

- Pavillón das Trigueiras para escolas deportivas de base. Este pavillón, inaugurado no ano 2010, ten como obxectivo fundamental de dar apoio puntual á disputa de partidos no pavillón principal. Ademais os colexios e institutos do Concello emprégano con regularidade para a práctica das súas clases de ximnasia. Ademais o deporte de base utiliza masivamente estas dependencias.

- Campo de fútbol municipal "Estadio San Rosendo". Sen lugar a ningún tipo de dúbidas é un dos mellores estadios existentes para a práctica do deporte futbolístico. Ten céspede natural, dúas gradas con alta capacidade, servizo de cafetería e accesos óptimos, que fan deste estadio un lugar axeitado para disputar partidos do máximo nivel esixible.

- Anexos do Campo de San Rosendo. Para a práctica dos entrenamentos dos equipos de fútbol e escolas deportivas.

- Pistas de tenis. O Concello dispón de dúas pistas de tenis con superficie de pasta, actualmente renovadas e ubicadas xunto ás piscinas municipais.